



PLAN DE ORIENTACIÓN

CEIP Xesús San Luís Romero, Carballo



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA CONTORNA DO COLEXIO.....	3
2.1. Infraestruturas.....	3
2.2. Ubicación xeográfica.....	4
2.3. Servizos que ofrece.....	4
2.4. Profesorado.....	5
2.5. A realidade socioeconómica.....	5
2.6. Situación lingüística.....	6
2.7. Instituto adscrito.....	7
3. OBXECTIVOS.....	7
3.1. Xerais.....	7
3.2. Específicos.....	8
4. PLANIFICACIÓN XERAL E DETERMINACIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS... 	10
5. DOCUMENTOS QUE GUÍAN A ORIENTACIÓN EDUCATIVA.....	13
5.1. Plan Xeral de Atención á Diversidade.....	14
5.2. Plan de Acción Titorial.....	17
6. RECURSOS.....	24
7. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.....	26

1. INTRODUCCIÓN

Segundo o establecido no Decreto 120/1998 e a Orde do 24 de xullo que o desenvolve, a educación asume a función de posibilitar que todos e todas desenvolvamos na escola o máximo das nosas potencialidades e elaborem un proxecto de vida persoal que poida trascender a condicións desfavorables de partida. Este reto, que asume a escola como lugar de construción da igualdade de oportunidades, implica un desenvolvemento institucional que leve a determinar a orientación como unha axuda interna do propio contexto escolar.

Serán accións que se levarán a cabo dende o ingreso no centro, que supoñan unha prevención e detección temperá das dificultades e un seguimento continuado da súa evolución. Entenderemos a orientación como un deber compartido por todos os mestres e mestras, coas responsabilidades propias das tarefas que desempeñamos pero como algo planificado, por iso este Plan de Orientación se estrutura en nove bloques, nos que vai aparecendo unha descrición do contorno inmediato á escola, os obxectivos da orientación, as accións prioritarias, o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Tutorial, a avaliación do proceso de orientación, os anexos que necesitamos para que as accións se leven a cabo, e finalmente, a aprobación.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA CONTORNA DO COLEXIO

2.1. INFRAESTRUTURAS

É un centro creado en maio do ano 1995 con infraestruturas que posibilitan de xeito moi fácil o desprazamento por todas as dependencias.

Planta baixa	Primeiro andar	Exterior
<ul style="list-style-type: none"> • 2 aulas de Educación Infantil • Ascensor • Saídas ao exterior • Dependencias do conserxe, do equipo directivo, aula de convivencia, baños e sala de profesores. • Aula de música/usos múltiples. • 2 aulas de Educación Primaria 	<ul style="list-style-type: none"> • O resto das aulas de Primaria • Aulas de PT e AL • Almacén • Departamento de relixión e inglés • Ascensor • Baños 	<ul style="list-style-type: none"> • Patio cuberto • Pavillón • Parque infantil • Campo de terra • Zona de herba e árbores • Entradas de acceso ao colexio

Biblioteca de centro Departamento de Orientación Porta pola que se accede ás escaleiras do ximnasio Rampla de acceso á parte superior		
---	--	--

2.2. UBICACIÓN XEOGRÁFICA

O noso colexio é un dos cinco CEIP do casco urbano de Carballo, ubícase no barrio da Milagrosa, unha zona nas aforas de Carballo. Recentemente tamén veu para esta zona o Forum, un edificio administrativo onde habitualmente hai que facer xestións de todo tipo. Como colexio, somos bastante descoñecidos para a meirande parte dos habitantes de Carballo, esperamos ir incentivando unha boa práctica educativa baseada na equidade e na igualdade de oportunidades, que nos permita de xeito progresivo ser un bo referente para o alumnado da contorna do centro.

2.3. SERVIZOS QUE OFRECE

- ✓ PLAMBE co PDI *No camiño da igualdade*.
- ✓ Programa PROA+.
- ✓ Nós tamén creamos!
- ✓ DigiCraft.
- ✓ Primavera das Letras.
- ✓ Programa de habilidades sociais da Asociación Vieiro.
- ✓ PFPP no centro.
- ✓ Proxecto de igualdade *Baixo a mesma carpa de crochet*.
- ✓ Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e os seus Entornos.

2.4. PROFESORADO

A xefatura do Departamento de Orientación é compartida co CEIP Plurilingüe A Cristina. No noso centro desenvolve as súas funcións durante dous días: os xoves e os venres.

O resto do persoal que completa o cadro docente son os que figuran a continuación, con pequenas variacións anuais segundo as necesidades do alumnado:

DOCENTE										NON DOCENTE	
EP	EI	EF	EM	FI	FF	REL	PT	AL	OC	PAC	CONS
6	2	1	1	1	1	1	3	2	1	2	1

2.5. REALIDADE SOCIO-ECÓNOMICA

Pola ubicación onde se atopa, acolle alumnado moi diverso, precisamente unha parte das familias da nosa zona elixen outros colexios da localidade, escapando da diversidade cultural e económica que se configura porque:

- Un número significativo do alumnado procede do estranxeiro ou ben nados en España pero de familias cuxas raíces se atopan en Arxentina, Venezuela, Marrocos, Senegal e a República Dominicana. Cando chegan varios irmáns soamente hai prazas libres no noso.
- Unha maioría de alumnado que as familias viven no contorno do centro, que conforman un alumnado de amplo espectro, tanto a nivel educativo como cultural e social, con expectativas moi diversas cara a escola.
- Alumnado con necesidades educativas especiais que buscan un centro pequeno que ofrezca unha atención educativa multidisciplinar que sería máis difícil noutras comunidades educativas. O colexio está totalmente adaptado para a súa mobilidade, cumprindo así co establecido na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de

accesibilidade, pois, tal e como di Loris Malaguzzi *“unha escola debe ser un lugar para todos os nenos e nenas, non baseada na idea de que son iguais senón de que todos/as son diferentes”*.

Neste contexto, atopámonos frecuentemente con grupos moi heteroxéneos, descoñecemento da lingua de acollida, ritmos de aprendizaxe moi distintos, distintas expectativas familiares fronte aos estudos... por todo isto, necesitamos concretar liñas de convivencia e coordinación docente que ofrezan a cada un dos nosos alumnos e alumnas uns recursos e unhas medidas educativas que potencien o máximo desenvolvemento a nivel persoal e social, e a súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

2.6. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA

A lingua predominante do centro é o galego, polo tanto é a lingua vehicular utilizada na aula tendo en conta as particularidades do alumnado e tratando de que todos os nenos e nenas adquiren as dúas linguas cooficiais dentro dos límites desta etapa educativa.

O alumnado da etapa de educación infantil recibe as clases de Música en castelán, ao igual que as de Relixión/Atención educativa e Psicomotricidade. As mestras titoras de Educación Infantil dos dous grupos imparten as súas clases en galego.

Na etapa de Educación Primaria tamén respectaremos en todos os niveis educativos o establecido no Proxecto Lingüístico, tratando de acadar o máximo equilibrio entre as dúas linguas e nos niveis nos que non é posible exactamente o 50 % dáselle preferencia ao galego.

En canto as medidas adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas, para que poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten, tere-mos en conta o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021.

A primeira medida, por acordo do profesorado, e en beneficio do alumnado é falarlle aos alumnos na lingua que mellor entendan das dúas cooficiais da nosa comunidade, para facilitarlles a comprensión, dinamizar a conversación e facilitar así a relación do alumnado cos mestres/as e co entorno. Unha vez adquirida unha das dúas linguas da nosa comunidade, esta servirá de lingua vehicular para a adquisición da outra. No caso de ser necesario poderá crearse un Grupo de Adquisición de Linguas (GAL) segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021.

2.7. INSTITUTO ADSCRITO

En Carballo hai 3 institutos de secundaria. O noso alumnado está adscrito ao IES Alfredo Brañas, pero nos últimos anos hai un número elevado de alumnos e alumnas que elixen ir a calquera dos outros, sempre e cando teñan praza libre.

Mantemos contacto trimestral co instituto adscrito correspondente, especialmente cando reciban alumnado NEAE.

3. OBXECTIVOS

Tendo en conta a necesidade de unha filosofía de traballo compartido, reflexivo, innovador e que atenda á diversidade, entendemos que os obxectivos que deben guiar a acción do DO serán:

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Promover a inserción do Departamento de Orientación no conxunto do sistema educativo e no proceso de ensino-aprendizaxe, colaborando na implementación do proxecto educativo de centro.
- Asesorar á comunidade educativa nas medidas de atención á diversidade nunha sociedade multicultural, proporcionando estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes.

- Diseñar accións que promovan a acción tutorial destinadas a alumnado, profesorado e familias, enfocadas dentro dunha intención preventiva desde a atención temperá, un clima de convivencia positiva e a prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe do alumnado, así coma os que poden derivarse dos cambios de nivel e/ou etapa.
- Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado susceptible de dita necesidade, asesorando en decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais do currículo, á avaliación, aos criterios de promoción e á implicación persoal do alumnado no proceso de aprendizaxe-ensino.
- Colaborar cos órganos unipersoais e colexiados, así como dos demais servizos internos e externos, na busca de solucións aos problemas que afectan ao conxunto do proceso educativo.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Con relación ao alumnado:

- ✓ Facilitar a inclusión do alumnado con diversidade funcional nas dinámicas do centro escolar, tanto no que respecta a aspectos curriculares como emocionais.
- ✓ Promover a colaboración do centro coas familias para adquirir progresivamente hábitos de autonomía.
- ✓ Establecer dinámicas de traballo en equipo entre o profesorado destinadas a promover no alumnado aprendizaxes significativas.
- ✓ Facilitar e deseñar accións encamiñadas a poñer en práctica os protocolos que afectan ao alumnado NEAE.
- ✓ Axudar no momento do período de adaptación, intentando que se faga de xeito organizado e o menos traumático posible.
- ✓ Facer colaboracións coas titorías para traballar a educación en valores, promovendo o autocoñecemento e autocontrol no crecemento de valores democráticos, de respecto e colaboración.

Con relación ao centro:

- ✓ Establecer liñas anuais no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- ✓ Establecer un calendario de reunións semanais dentro dos membros con destino no propio centro.
- ✓ Asesorar a nivel técnico e legal para que o Plan de Orientación sexa un elemento que dá unidade e coherencia ás decisións adoptadas no proxecto educativo de centro.
- ✓ Organizar todas as actuacións dentro do PXAD.

Con relación ao profesorado:

- ✓ Elaborar a proposta dos horarios de PT e AL que serán aprobados pola dirección do centro segundo a Orde do 8 de setembro de 2021.
- ✓ Facilitar a iniciación e adquisición progresiva de técnicas de estudo e estratexias de traballo.
- ✓ Establecer o proceso a seguir para a solicitude de avaliación psicopedagóxica.
- ✓ Recadar a súa colaboración nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización de atención á diversidade do alumnado.
- ✓ Promover a coordinación entre o profesorado, o traballo compartido e a innovación educativa, incentivando a formación en NEAE especialmente no profesorado pertencente ao DO.
- ✓ Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares.
- ✓ Colaborar na toma de decisións para permanecer un ano máis no curso ou etapa.

Con relación ás familias:

- ✓ Con axuda do PLAN DIRECTOR promovido desde a Xunta en colaboración coas forzas de seguridade, incentivar información sobre os perigos do alumnado.
- ✓ Asesorar ás familias en todo o proceso educativo dos seus fillos/as, especialmente no referido ao alumnado NEAE.

Con relación ás institucións:

- ✓ Promover a coordinación coas institucións que velan pola integridade do noso alumnado: Servizos Sociais, Garda Civil, Policía Local...
- ✓ Colaborar no proceso educativo coa UDIAF así como con RAOGAL, concretamente coa figura da UACO correspondente.
- ✓ Establecer reunións co Departamento de Orientación do IES adscrito.
- ✓ Demandar e colaborar co Equipo de Orientación Específico naqueles casos en que se considere necesaria a súa intervención.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E DETERMINACIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Tendo en conta o marco legal que establece o *Decreto 120/1998* e a *Orde do 24 de xullo* do mesmo ano, ademais das directrices das diferentes circulares procedentes da administración educativa, entendemos que a formulación xeral da orientación precisa dunha estratificación na súa execución. De aí a necesidade de poñer ó día unha planificación xeral para os vindeiros cursos académicos, tendo en conta o correspondente seguimento e avaliación.

Cabe destacar que a Consellería de Educación ven de publicar nos últimos anos unha serie de protocolos que nos aportan directrices de actuación. Contamos con esa axuda:

- Protocolo/notificación de risco e maltrato infantil. Consellería de Traballo e Benestar.

https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/publicacions/guia_deteccion_maltrato_infantil.pdf

- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2014/01/31/af9923c775126876c57251c98ec20e0d.pdf

- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/07/02/libro_tdah_definitivo_16-06-14.pdf

- Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16b464128c0bc955268746343e9ddbcb.pdf

- Protocolo de urxencias sanitarias e addenda de atención ao alumnado con diabete.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/cfc0729ec26f7656c22232f0be2d2a5d.pdf

- Protocolo de atención educativa domiciliaria.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/6ce44f8df858e6aaf952d50914d3e62c.pdf

- Orientacións do Plan de Convivencia.

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/orientacions_plan_convivencia_galego_28_03_18.pdf

- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.

<https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/651/Protocolo%20de%20coordinaci%C3%B3n,%20intervenci%C3%B3n%20e%20derivaci%C3%B3n%20interinstitucional%20en%20atenci%C3%B3n%20temper%C3%A1.pdf>

- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con TEA.

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2016/03/14/5b7a09f72e369a40b7d319634a159b49.pdf

- Protocolo de protección de datos.

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16fd7e59099aece2678d80136ede0e21.pdf

- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

<https://centros.edu.xunta.es/iesapinguela/web/protocolosxunta/protocolos/xunta/Risco%20Suicida.pdf>

- Protocolo para a atención educativa do alumnado con Síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2018/06/14/9987879c1e15abb4c36a50d6f870efd0.pdf

- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

https://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1273776&name=DLFE-33905.pdf

- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/10/16/40af9b01688982e3a742808df6271bc0.pdf

- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específica da aprendizaxe.

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2020/01/29/b1f7a5a38ba6d61c7692d3fff8ca53bd.pdf

Enténdese que dende o DO se deben aportar estratexias para que a comunidade educativa se beneficie dun traballo coordinado, compartido e de calidade, tomando unha actitude de mellora a partir da propia práctica docente, tomando como bandeira a sensibilidade por atender a cada quen segundo as súas posibilidades e necesidades.

As accións levadas a cabo enmarcaranse noutros sub-plans que conforman este Plan de Orientación (PO).

5. DOCUMENTOS QUE GUÍAN A ORIENTACIÓN EDUCATIVA

A fundamentación do traballo nos centros educativos é a de aprender xuntos, necesitamos polo tanto dunha intervención no conxunto do sistema e nun ensino significativo e de calidade, que desenvolva as potencialidades de todo o alumnado, enmarcando as accións do Departamento de Orientación dentro da Programación Xeral Anual e dos proxectos levados a cabo no centro.

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

INTRODUCCIÓN.

Segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á Diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

Ao comezo de cada curso, o departamento de orientación elabora a proposta da concreción anual deste Plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da PXA.

Se tomamos nota do art. 11.4 do *D. 229/2011, do 7 de decembro*, recóllense as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver divididas en ordinarias e extraordinarias, o profesorado responsable de cada actuación, o alumnado ao que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de

partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produza.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade serán as recollidas no capítulo IV da Orde do 8 de setembro de 2021, onde se establece que todo o profesorado debe esgotar todas as medidas ordinarias antes de pasar a establecer algunha das medidas extraordinarias co seu alumnado. A xefa do DO mandará a través do correo electrónico da Xunta a todo o profesorado ao longo do 1º trimestre un documento coa información necesaria para a aplicación correcta destas medidas co alumnado.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A metodoloxía empregada co alumnado parte dunha perspectiva global, activa, integradora, dinámica, aberta, flexible, participativa, lúdica e creativa; para poder adaptarse ás necesidades de cada alumno/a. Partindo do nivel evolutivo e dos coñecementos previos de cada alumno/a facilitarase a construción de aprendizaxes significativas mediante actividades motivadoras para o mesmo, dende un enfoque lúdico e experimental, traballando de xeito interdisciplinar e tendo en conta a educación en valores.

O estilo de ensino adaptarase as necesidades e características individuais de cada alumno/a, tratando de acadar sempre a máxima atención e motivación deste.

O papel do docente será de guía, mediador e estimulador, creando un clima seguro e agradable.

PRIORIDADE NA ATENCIÓN AO ALUMNADO POR PARTE DO PROFESORADO DE APOIO (PT E AL)

Seguindo o establecido no *artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021*, o apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL será o seguinte:

- 1.- Alumnado con necesidades educativas especiais (NEE).
- 2.- Alumnado con Adaptación Curricular (AC).
- 3.- Continuarase cos apoios iniciados
- 4.- No caso de que sexa necesario e se conte con profesorado de apoio dispoñible,

atenderase de forma excepcional (artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021) ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).

5.- Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.

6.- Atenderase primeiro ao alumnado con Reforzo Educativo (RE) que repita curso, isto tamén se terá en conta para os apoios de profesorado con dispoñibilidade horaria.

7.- O apoio de PT será dentro da aula ordinaria sempre que sexa posible.

8.- O apoio de AL será dentro ou fóra da aula ordinaria tendo en conta as circunstancias persoais do alumno/a.

9.- Para o establecemento dos apoios en aula intentarase ter en conta os momentos do horario do grupo nos que se imparte a materia obxecto de dificultade ou as materias instrumentais.

10.- O alumnado suxeito a medidas de reforzo educativo (RE) que non puidese (por non ter dispoñibilidade horaria de profesorado) ou non se considerase necesario o apoio especializado (PT/AL), recibirá ese apoio por parte do titor/a constando sempre esta medida ordinaria nas sesións de avaliación e nas actas de cualificacións.

CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN

- As comunicacións coa xefa do departamento de orientación sobre calquera cuestión relacionada coas súas funcións serán sempre a través do correo electrónico da Xunta: amquijada@edu.xunta.gal
- O apoio das mestras especialistas en PT e AL será na aula ordinaria sempre que sexa posible.
- O apoio fóra da aula ordinaria (aula de apoio) levarase a cabo nos seguintes casos:
 - Alumnado que precisa atención logopédica: atención específica na Aula de Audición e Linguaxe, adaptando as sesións ás necesidades do alumnado.
- Ao longo do curso atendendo ás necesidades, ás novas incorporacións ao centro e aos resultados das avaliacións trimestrais, poderá haber as modificacións que fosen precisas nos apoios de PT e AL. Este horario será proposto pola xefa do departamento de orientación e aprobado pola dirección do centro.
- Durante este curso insistirase nos seguintes aspectos:
 - Procurarase a maior coordinación posible entre o profesorado de apoio e o profesorado titor/a así como cos especialistas correspondentes.
 - Todas as reunións levadas a cabo por parte do Departamento de Orientación serán

rexistradas por escrito a través da acta de reunión correspondente que será firmada por todos/as. Celebraranse os venres de 13.00h a 13.50h xa que a xefa do departamento non acude ao centro os luns pola tarde por non ser o seu centro base.

- As titorías entre as familias e a xefa do departamento de orientación serán levadas a cabo con cita previa no despacho de orientación.
- As avaliacións psicopedagóxicas do alumnado realizaranse por orde de prioridade das necesidades do neno/a, seguido da data de solicitude. O primeiro paso será cubrir a folla de solicitude facilitada pola xefa do Departamento aos titores/as e entregala ao Departamento con todos os datos que se solicitan cubertos. A continuación, procederase a realizar a avaliación e o conseguinte informe psicopedagóxico que será entregado na secretaría do centro para que quede unha copia no expediente do alumno/a seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021. A información relevante deste informe será trasladada ao profesorado correspondente así como á familia, que terá dereito a unha copia.
- Se a xefa do departamento de orientación ten que acudir ao centro fóra do seu horario, é dicir, días que non lle corresponde estar no centro (luns, martes ou mércores), serán compesados no centro base cando sexa necesario.
- A xefa do departamento de orientación asistirá ás sesións de avaliación trimestrais así como a avaliación inicial do mes de outubro sempre que sexa posible, xa que non deben coincidir coas sesións de avaliación do centro base. En caso de non poder asistir, entregaraselle a acta de avaliación correspondente para estar informada das decisións tomadas.
- As mestras de apoio de PT e AL deberán elaborar un programa de intervención para cada alumno/a ao que atenden, tal e como di a Orde do 8 de setembro de 2021. Estes programas de intervención serán entregados á xefa do departamento de orientación por correo electrónico antes de rematar o mes de novembro.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao remate do curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación o DO elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do DO e, en consecuencia, á memoria anual do centro (*Art.13.2 do Decreto 229/2011*).

Por outra banda, tal e como se recolle no *artigo 75 da Orde do 8 de setembro de 2021*, o

seguimento da concreción anual do Plan Xeral de atención á diversidade realizarase trimestralmente polo departamento de orientación do centro docente. Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro do profesorado e entregaranse na dirección do centro para a súa incorporación ao seguimento que se realice da programación xeral anual.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

INTRODUCCIÓN

Este Plan de Acción Titorial enmárcase no plan de acción do Departamento de Orientación do Centro, segundo establece o *Decreto 120/98 polo que se regula a orientación educativa en Galicia (23/04/98)* e no *Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, título III capítulo V, artigos 80 e 81*.

A acción titorial enténdese como o proceso de axuda e orientación por parte do profesor para contribuír ao desenvolvemento integral do alumno e que abrangue o conxunto de accións educativas encamiñadas ao coñecemento do alumno, ás axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar, e a proposta de alternativas que faciliten ao alumno/a a toma de decisións, o seu desenvolvemento como persoa e a súa socialización.

A acción titorial é responsabilidade de toda a Comunidade Educativa, e polo tanto debe ser reflexo dos obxectivos fixados e priorizados dentro do Proxecto Educativo do centro.

OBXECTIVOS XERAIS

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as.
- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Coordinar a acción educativa do equipo docente do grupo.
- Orientar os pais e nais no seu labor educativo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Centrados nos alumnos

- ✓ Facilitar a integración dos alumnos/as no grupo-clase e na dinámica escolar, solicitando a axuda da familia para que esa adaptación sexa o máis natural posible.
- ✓ Coñecer as características persoais e aspectos da situación familiar dos alumnos/as, a través da análise do expediente persoal, entrevistas cos pais, informes de cursos anteriores, etc.
- ✓ Fomentar o desenvolvemento da identidade persoal procurando desenvolver nos alumnos/as un autoconcepto e autoestima axeitados.
- ✓ Contribuír á individualización e personalización dos procesos de aprendizaxe na atención á diversidade.
- ✓ Realizar un seguimento dos procesos de aprendizaxe dos alumnos/as para detectar as posibles dificultades e as necesidades específicas coa finalidade de elaborar, no seu caso, os apoios e asesoramentos oportunos.
- ✓ Fomentar no grupo de alumnas/os o desenvolvemento de actitudes e hábitos participativos no centro e no entorno social.
- ✓ Avaliar de xeito sistemático o proceso de ensinanza-aprendizaxe co fin de axustar a programación ás necesidades educativas do grupo.
- ✓ Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as e asesorar e orientar sobre a promoción de curso.

Centrados no equipo docente

- ✓ Coordinar a información acerca dos alumnos/as que teñen os diferentes profesores que inciden sobre o grupo.
- ✓ Coordinar o axuste das programacións do grupo de alumnos/as, en especial para alumnos con necesidades educativas especiais ou de apoio.
- ✓ Coordinar o proceso de avaliación e recoller a información de cada alumno/a.
- ✓ Posibilitar liñas comúns de actuación con outros titores, no marco do Proxecto Educativo.

Centrados nas familias

- ✓ Potenciar unha relación fluída entre as familias e o centro, con intercambio de puntos de vista.
- ✓ Implicar á familia en actividades de apoio ao proceso de aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- ✓ Informar, asesorar e orientar á familia en todos aqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos/as.
- ✓ Pedir a colaboración da familia nas actividades complementarias do centro e asúa participación en actividades organizadas pola Comunidade Educativa.

Centrados no equipo directivo do centro

- ✓ Dispoñer da información sobre Acción Titorial que chegue ao centro.
- ✓ Colaborar na optimización do rendemento académico e educativo no centro.
- ✓ Favorecer a inclusión do Plan de Acción Titorial no Proxecto Educativo.
- ✓ Axudar a consolidar o Departamento de Orientación.
- ✓ Planificar no horario un tempo destinado ao desenvolvemento da Acción Titorial.

ACTIVIDADES, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

Centradas nos alumnos/as

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
--------------------	------------------------	-----------------

<p>Actividades de acollida dos alumnos/as novos, e nos cambios de ciclo ou etapa:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Flexibilización dos primeiros días do alumnado de 3 anos. ▪ Establecemento de normas de funcionamento na clase. ▪ Presentación de horarios. ▪ Integración de novos alumnos/as no grupo (repetidores, novo ingreso ...) 	<p>Setembro</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Plan de adaptación do alumnado de anos. ▪ Horarios de clase. ▪ Xogos de presentación, aficións ...
<p>Información sobre os antecedentes académicos dos alumnos/as.</p>	<p>1ª quincena de setembro.</p>	<p>Expediente persoal do alumno. Informes individuais de avaliación. Rexistros de avaliación.</p>
<p>Avaliación inicial levada á cabo polos distintos titores/as.</p>	<p>Setembro</p>	<p>Historial académico, observacións, probas ...</p>

<p>Solicitude de intervención ou asesoramento do departamento de orientación ara os casos que o requiran.</p>	<p>Ao longo do curso.</p>	<p>Modelo de solicitude.</p>
<p>Coñecemento dos hábitos de estudio e estilos de aprendizaxe individuais e grupais. Establecemento das necesidades de apoios e reforzos educativos.</p>	<p>Primeiro trimestre.</p>	<p>Rexistros de observación. Anecdóticos. Diarios de clase.</p>

<ul style="list-style-type: none"> • Recollida de información sobre temas de interese para os alumnos/as, e posibilidade de realización de algunha das súas propostas. • Coordinación de actividades que fomenten a convivencia: celebracións, excursións ... 	<p>Ao longo do curso.</p>	<p>Asembleas de clase.</p> <p>Programación Xeral Anual.</p>
<p>Desenvolvemento de destrezas instrumentais. Activación da intelixencia. Desenvolvemento de hábitos básicos de convivencia. Desenvolvemento dunha autoestima positiva. Estratexias de mellora. Coñecemento de hábitos e/ou técnicas de estudo individual e colectivo (3.º a 6.º)</p>	<p>Ao longo do curso.</p>	<p>Programas de reforzo das técnicas instrumentais.</p> <p>Programas de activación da intelixencia.</p> <p>Programa de técnicas de estudo.</p>
<p>Orientación académica cos alumnos de 6.º nivel.</p>	<p>3º trimestre.</p>	<p>Xuntanza informativa.</p>
<p>Elaboración de Unidades Didácticas, contextualizadas en cada área, tendo en conta a aprendizaxe significativa.</p>	<p>Ao longo do curso.</p>	<p>PCC</p>

Centradas no Equipo Docente:

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
-------------	-----------------	----------

<ul style="list-style-type: none"> • Recollida de información e propostas dos profesores de nivel. • Transmisións de información aos profesores que inciden no grupo de alumnos/as. • Revisión do Plan de Acción Titorial. • Sesións de avaliación. 	<p>1.º, 2.º e 3.º trimestre</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Xuntanzas de coordinación de nivel. • Xuntanzas de ciclo, nivel e claustro.
<p>Decisión sobre a promoción ou permanencia.</p>	<p>3.º trimestre.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Criterios de promoción e permanencia. • Xuntanzas de ciclo.
<p>Programación e preparación das actividades complementarias.</p>	<p>Puntualmente.</p>	<p>Equipo de Actividades complementarias.</p>
<p>Coordinación das actuacións no tratamento das necesidades educativas especiais e nas actividades de apoio.</p> <p>Elaboración e elección de materiais didácticos.</p>	<p>1º,2º, 3º trimestre.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Xuntanzas do Departamento de Orientación. • Comisión de Coordinación Pedagóxica. • Xuntanza de ciclo.Claustros.
<p>Informe individualizado de avaliación.</p>	<p>Xuño.</p>	<p>Modelo de plantilla.</p>

Centradas nos pais/nais:

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
<ul style="list-style-type: none"> Entrevista persoal ao inicio da escolarización. Datos persoais dos alumnos/as. 	Setembro	<ul style="list-style-type: none"> Guión. Ficha persoal do alumno/a Expediente académico.
Xuntanza xeral de nivel de inicio de curso.	Outubro	Guión xeral para a xuntanza P.X.A.
Información trimestral escrita dos resultados de avaliación do alumno.	1.º, 2.º e 3.º trimestre.	Boletíns de notas.
<ul style="list-style-type: none"> Entrevistas persoais individuais. Información periódica sobre conduta e rendemento académico dos seus fillos. Solicitude de colaboración e participación en actividades. 	Ao longo do curso.	Horario de atención ás familias. Xuntanza xeral de inicio de curso.
Información sobre orientación académica ao remate de Primaria (6.º curso)	Maio-Xuño.	Xuntanza de orientadora, titores/as e familias de alumnos/as de 6.º.
<ul style="list-style-type: none"> Recomendacións e orientacións cara ás vacacións. Información sobre decisión de non promoción, no seu caso. 	Xuño.	<ul style="list-style-type: none"> Xuntanza de nivel: recomendacións escritas cara o verán. Entrevistas persoais dos titores cos pais.

AVALIACIÓN

A avaliación do Plan de Acción Titorial levárase á cabo en dúas formas:

- Avaliación Continua durante o seu desenvolvemento, que permita ver os progresos e realizar as modificacións oportunas. Os instrumentos a utilizar serán as observacións e o diálogo nas reunións de nivel, de ciclo, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, e nas propias do departamento de orientación.
- Avaliación Final ao remate do curso. Analizaranse os logros acadados e os aspectos que terán que modificarse no futuro. Os instrumentos a utilizar serán cuestionarios, escalas de observación, enquisas, entrevistas, reunións entre os distintos participantes.

Os criterios de avaliación defínense como:

- Grado de consecución dos obxectivos. Familias, docentes e discentes.
- Adecuación das actividades aos destinatarios.
- Adecuación e suficiencia dos recursos.
- Adecuación da temporalización.
- Implicación dos participantes. Asistencia, participación, colaboración.
- Grado de satisfacción dos implicados/as.

A valoración sobre os criterios de avaliación realizase de xeito cualitativo e recóllese nunha **folia de rexistro:**

REXISTRO DE AVALIACIÓN DO P.A.T.

Grao de consecución dos obxectivos. Familias: Docentes. Discentes:
Adecuación das actividades aos destinatarios: realizáronse (si/non) Suprimíronse (causas)

Adecuación e suficiencia dos recursos. Utilizáronse todos, fallou algo ...
Adecuación da temporalización.
Implicación dos participantes: Asistencia. Participación. Colaboración.
Grao de satisfacción dos implicados: Familias Docentes
Sinala algunha proposta para mellorar o PAT de cara ao curso que ven.

6. RECURSOS

a. RECURSOS HUMANOS

Ademais dos recursos humanos internos ao propio centro (apartado 2.4. deste PO), contaremos coa axuda e colaboración de recursos externos:

- Servizos Sociais, cos que mantemos reunións periódicas para abordar sobre todo problemáticas familiares do alumnado e a súa incidencia no contexto escolar.
- Servizos de Atención Primaria, ocasionalmente mantemos contactos cos profesionais de pediatría do centro de saúde.
- UDIAF como servizo de Atención Temperá en Carballo con servizo presencial en alumnado ata que a súa evolución sexa a esperada ou cando cumbran os 6 anos de idade.
- PLAN DIRECTOR da Xunta para a mellora da convivencia e a seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, ten por obxecto ofrecer a posibilidade de charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís... Trátase de charlas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa

(alumnado, profesorado e familias).

- Equipo de Orientación Específico (EOE), que en coherencia cun modelo de intervención global e inclusivo intentan priorizar a prevención e intervención interdisciplinar, desenvolvendo as funcións específicas de asesorar e apoiar aos departamentos de orientación, desenvolver programas de investigación, apoio con recursos que dan resposta a necesidades específicas do alumnado, contribuír á formación especializada do profesorado e atención ás familias, coordinación con outros servizos educativos e sociosanitarios. Os ámbitos de actuación son os seguintes:

- Trastornos graves de Conduta
- Discapacidades Sensoriais
- Trastorno do Espectro Autismo-Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento
- Discapacidades Motoras
- Altas Capacidades Intelectuais
- Orientación Vocacional e Profesional

b. RECURSOS MATERIAIS

Contaremos con recursos propios dun centro educativo:

- Recursos TIC: cámara dixital, ordenadores, tablets, PDIs, páxinas web, SymbalooEDU... e outros recollidos no Plan TIC.
- Libros da Biblioteca Escolar, do Departamento de Orientación ou das aulas.
- Material funxible: cartolinas, papeis de distintas clases, lápices, ceras, témperas, pegamentos, rotuladores, plastilina, gomets, material de uso cotiá....

7. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

Como calquera outro plan, non acadará os niveis de funcionalidade se non é obxecto dun permanente seguimento, revisión e actualización.

Aínda que tanto propostas que poidan cambiar como seguimento tamén van ter lugar nas concrecións anuais do PXAD, faise necesario tamén que desde aquí contemplemos uns

criterios e instrumentos de avaliación.

Sería preciso considerar aspectos como:

ACTUACIÓNS PREVISTAS	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
A realización de actuacións previstas tanto no PXAD coma no PAT.			
A elaboración de documentos e outros materiais: trípticos, dípticos, circulares, cuestionarios...			
Relacións coas institucións sociais implicadas no desenvolvemento integral do noso alumnado.			
Optimización dos recursos persoais de apoio ao alumnado.			
Promoción de formación académica no persoal do centro.			
Celebración das reunións previstas e grao de asistencia a elas.			
Grao de atención das demandas recibidas.			
Participación nas distintas modalidades de atención ao alumnado NEE.			
A opinión dos propios membros/as así coma do resto do profesorado.			

* TD: totalmente desenvolvido / PD: pouco desenvolvido / ND: nada desenvolvido